

Unidade 11. Dá unha noticia

Nome: _____ Curso: __ Data: _____

Comprensión lectora

Canción para ir ao mar de pesca

Para que anden gordos todos os nenos
e polo agosto haxa máis festas,
imos buscar xunto das illas
unha corvina,
unha faneca,
un abadexo,
unha morea.

Para que en Galicia cheiren as fábricas
de salazón e máis de conserva,
imos ao mar con arpón ou liña
a pescar rincha,
congrós e alcriques,
moita pescada,
unha balea.

Para que as mulleres berren na praza e haxa ruído
polas tabernas,
traerei con nasa, rede ou fisga
luras e polbos,
muxos e nécoras,
meros e sargos,
sollas e vieiras.

Hei de pescar con xeito ou baca,
con bou ou cunha pobre gamela
unha centola,
xouba e sardiña,
un rodaballo,
unha doncela.


Imos ao axexo, imos ao escuro,
cando ardentía ou a lúa chea,
e aseñaremos por estas rías
o lombrigante,
bonito duro,
moitos xurelos,
a palometa,
un ollomol,
unha zapata,
un peixe-sapo,
un fura-areas,
a robaliza,
a maragota,
o pinto, a raia
e toda a pesca

Bernardino GRAÑA

Profecía do mar

Xerais. (Adaptación)

marcos e recostas,
meros e sargos,
sollas e vieiras.
Hei de pescar con xeito ou baca,
con bou ou cunha pobre gamela
unha centola,
xouba e sardiña,
un rodaballo,
unha doncela.



1 Contesta.

- Para que hai que ir buscar xunto das illas algúns peixes?

Para que anden gordos os nenos e polo agosto haxa máis festas.

- E para que se debe ir ao mar con arpón e liña?

Para pescar rincha, congros e alcriques, moita pescada e unha balea.

- De que fábricas se fala no texto?

No texto fálase de fábricas de salazón e mais de conserva.

- Que significa a expresión: «*Imos ao axexo, imos ao escuro, cando a ardentía ou a lúa chea*»?

Que van pescar pola noite.

- Cantas estrofas ten o poema?

O poema ten 5 estrofas.

2 Fai unha listaxe cos nomes de peixes e outra cos nomes de mariscos que aparecen no poema.

PEIXES

Corvina, faneco, abadexo, morea, rincha, congros, alcriques, pescada, luras, pobos, muxo, mero, sargo, sorlla, xouba, sardiña, rodaballo, doncela, bonito duro, xurelo, palometa, ollomol, zapata, peixe-sapo, fura-areas, robaliza, maragota, pinto e raia.

MARISCOS

Nécora, vieira, centola, lombrigante.

3 Inventa ti un poema dedicado ao mar.

Resposta libre

Unidade 10. Facemos unha enquisa

Nome: _____ Curso: __ Data: _____

Coñecemento da lingua

1 Le o seguinte texto e rodea as siglas e acrónimos que nel aparecen.

-Vouche contar unha historia que vas quedar con cara de parvo.

O venres pasado, sobre as seis p.m., en Ourense observaron un obxecto descoñecido que sobrevoou a cidade durante unha media hora para logo desaparecer en dirección leste. Pouco despois das sete p.m., este obxecto tamén foi detectado polo **radar** do aeroporto de Lavacolla. Algúns pasaxeiros dun voo procedente de New York (**EUA**) ao aterrar en Santiago dixeron que un obxecto moi luminoso, como se fose un **láser**, acompañou o avión durante moita parte do seu percorrido. Ademais, puxéronse en contacto coa **NASA** e coa **UE** e ninguén sabía de que se trataba. Ourense estaba cheo de periodistas da **TVG** e de **TVE** para intentar obter imaxes de dito obxecto, pero este xa desaparecera misteriosamente.

-Que pasada! Sería un **OVNI**?



Siglas: **EUA, NASA, UE, TVG, TVE, OVNI.**

Acrónimos: **radar, laser.**

2 Escribe o significado das siglas do texto.

EUA – Estados Unidos de América; NASA – Administración Nacional da Aeronáutica e do espazo; UE – Unión Europea; TVG – Televisión de Galicia; TVE – Televisión española; OVNI – Obxecto voador non identificado.

3 Escribe o significado dos acrónimos do texto.

Radar – detección e medición de distancias por radio.

Láser – amplificación de luz por emisión estimulada de radiación.

4 Escribe ti agora novas siglas e acrónimos co seu significado.

Resposta libre

Unidade 11. Dá unha noticia

Nome: _____ Curso: ____ Data: _____

Expresión escrita

1 Le a seguinte noticia.

COLAPSO NAS URXENCIAS DO CHUAC CON PACIENTES «SENTADOS EN BANCOS»

A comisión de Centro cualifica de «extrema gravidade» a situación e nega que sexa unha situación puntual

A Comisión do Centro do Complexo Hospitalario Universitario A Coruña (Chuac) denunciou un «colapso» nas urxencias do hospital con pacientes «sentados en bancos», sinala nun comunicado no que cualifica de «extrema gravidade» a situación.


PACIENTES «AMOREADOS»
En concreto, asegura que o pasado luns acudiron ás urxencias do centro hospitalario 361 pacientes. Afirmar que iso provocou que, ás 12.00 horas do día 5 de febreiro, «estivesen amoreados na área de Observación de camas 74 pacientes, nun espazo de apenas 200 metros cadrados e dos que 28 permanecían en padiolas». Afirmar tamén que as 32 cadeiras de brazos da área de Observación

estaban ocupados na súa totalidade e que había «dous pacientes en cadeira de rodas, cifra que foi aumentando no transcurso da mañá ata chegar aos 16 pacientes».

Por outra banda, sostén que, do total de pacientes en Observación, ás 12.00 horas do día 5 de febreiro, 55 xa tiñan indicado o ingreso, «pero non había camas dispoñibles no hospital».

A Comisión do Centro do Chuac sostén que, ás 8.00 horas deste mércores, un total de 44 pacientes pasaran a noite en camas e 25 en padiolas na área de observación, con enfermos que «levaban máis de 48 horas nesa situación» e que outros 26 pasaron a noite nunha cadeira de brazos.

www.galiciahoxe.com



2 Contexta

- Cal é o titular?

COLAPSO NAS URXENCIAS DO CHUAC CON PACIENTES «SENTADOS EN BANCOS»

- Cal é a entrada

A comisión de Centro cualifica de «extrema gravidade» a situación e nega que sexa unha situación puntual

- E o corpo da noticia?

O resto do texto, é dicir, o desenvolvemento xa polo miúdo do que se enunciou no titular.

3 Inventa ti unha noticia no teu caderno: Escribe aquí o titular.

Resposta libre